



CONCELLO DE CABANAS

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN REALIZADA
O 10 DE ABRIL DE 2019.

Alcalde-Presidente:

D. Manuel González López (Gr.PP)

Concelleiros/as;

D^a. Esperanza Gayoso Pereiro (Gr.PP)

D. Javier Fernández Brage (Gr.PP)

D^a.Elena María Arias Martínez (Gr.PP)

D. Delfín Feal Pereira (Gr. Socialista)

D. Carlos Ladra Brage (Gr.Socialista)

D^a. Concepción Rodríguez Ferreiro (Gr.Socialista)

D. Iago Varela Martínez (BNG-Gr.Mixto)

D^a. María Eva García Amor (AEC-Gr.Mixto)

D. Xosé Manuel Pérez Sardiña (PDDdG-Gr.Mixto).

Secretario-Interventor:

D. Antonio López Vila.

No salón de sesións da Casa do Concello de Cabanas, sendo as dezanove horas e trinta minutos do día dez de abril de dous mil dezanove, reúnense en primeira convocatoria, baixo a presidencia do Sr. Alcalde don Manuel González López, os señores/as concelleiros/as que se relacionan á marxe, ao obxecto de realizar sesión extraordinaria do Pleno da Corporación, coa asistencia do Secretario-Interventor titular don Antonio López Vila, que da fe do acto.

Unha vez comprobada a existencia de quórum para a válida constitución do

Pleno, o Sr. Presidente declara aberta e pública a sesión, e procédese a trata-los asuntos incluídos na Orde do Día.

1.- EXPEDIENTE MODIFICACIÓN DE CREDITOS 2/2019. Examinada a proposta de modificación de créditos que se detalla na memoria da Alcaldía-Presidencia, por importe de 14.500,00 euros, para facer fronte a gastos a cargo desta Corporación relativos a gastos correntes e investimentos, para os que é insuficiente o crédito existente no orzamento vixente, e que considera necesario realizar no presente exercicio sen que se poidan atrasar para o exercicio seguinte, utilizando como recursos para o seu financiamento as baixas doutras partidas de gastos, estimando que as modificacións son necesarias con carácter inaprazable e non existe ningún prexuízo para os intereses do Concello.

No expediente inclúense informes de Intervención coas correspondentes consideracións, así como ditame favorable da Comisión de Facenda.

Na deliberación do asunto prodúcense as intervencións coas opinións que de forma sintetizada se recollen a continuación:

Polo grupo Socialista: o voceiro Sr. Feal Pereira manifesta que a postura do seu grupo xa quedou explicada na comisión de Facenda, existen facturas que levan tempo e xa se explicaron os motivos e hai que pagalas, o único pendente é a explicación do arranxo do circuíto de motocross, se van abster porque hai cousas que non se deberían gastar.

Polo grupo Mixto: o concelleiro do BNG Sr. Varela Martínez considera que a estas alturas do ano facer modificacións volve a demostrar que vostedes traballan sen ningún tipo de previsión, a súa postura vai ser a abstención.

O concelleiro de PDDdG Sr. Pérez Sardiña xa preguntou na Comisión por algunhas facturas, alude a que o circuíto practicamente non tivo actividade en 2018 e xa se gastaron 600 euros en mantemento, gustaríalle que se aclarase, tamén hai facturas sen pagar do Penso que non están aquí,



CONCELLO DE CABANAS

por outra banda o financiamento realízase por baixa da partida de camiños que están nunha situación lamentable, polo cal vai quedar curta para atender as demandas veciñais, incluso os plans provinciais non chegan a cubrir as necesidades.

Polo grupo Popular: o Sr. Alcalde aclara que a factura do circuíto foi con motivo dunha exhibición de rapaces de toda Galicia, despois de pasar as motos hai que reparar e pasar o pisón, mentres non asente ben a terra ten máis mantemento.

A concelleira Sra. Arias Martínez indica que son conscientes de que hai moitas pistas a arranxar, pero entenden que hai partida suficiente e subvencións para reparalas, en ningún momento é falta de previsión, estase pendente de recibir subvencións para a súa reparación.

Despois de debatido o asunto o Pleno da Corporación en votación ordinaria con catro votos a favor dos membros do grupo Popular, un voto en contra do concelleiro de PDDdG e cinco abstencións dos membros do grupo Socialista, concelleira de AEC e concelleiro do BNG, acorda:

Primeiro: Aprobala referida proposta de modificación de crédito aplicando as cantidades correspondentes as partidas que se reflicten na memoria segundo o seguinte detalle:

1º. AUMENTOS PARTIDAS DE GASTOS.

Suplementos de crédito

Partida	Denominación	Aumento proposto
1351.21400	Vehículos transporte protección civil	500,00
1611.22101	Auga	1.000,00
1700.61999	Outros investimentos	1.000,00
3120.22700	Limpeza e aseo	4.500,00
3341.22609	Actividades culturais	500,00
9200.22002	Material informático non inventariable	2.000,00
9200.22200	Servizos telecomunicacións	3.000,00
9200.21600	Equipos proceso información	1.000,00
9200.62600	Equipamento informático	1.000,00

Total incrementos de crédito.....14.500,00 euros.

2º.- FINANCIAMENTO

Baixas en partidas de gastos

Partida	Denominación	Consig.antes expediente.	Crédito dispoñible	Baixa proposta
4541.61903	Infraestrutura viaria municipal	110.946,00	110.946,00	14.500,00

Total financiamento.....14.500,00 euros

Segundo: Continua-la tramitación do expediente con exposición pública en forma regulamentaria a efectos de exame e reclamacións.

Terceiro: No suposto de non presentarse reclamacións contra o mesmo considerárase definitivamente aprobado, debendo cumprirse o trámite de publicación do correspondente resume no B.O.P. e no Taboleiro de Anuncios do Concello

2.- EXPEDIENTE DE RECOÑECIMIENTO DE CRÉDITOS 1/2019. . Visto o expediente tramitado para recoñecemento extraxudicial de créditos por importe de 32.064,50 euros, correspondentes a exercicios anteriores, pendentes de aplicar ao orzamento por falta de



CONCELLO DE CABANAS

consignación suficiente ou por haberse presentado a factura despois do peche do exercicio, así como, informe con reparos de Intervención, e ditame da Comisión de Facenda.

O concelleiro de PDDdG no grupo Mixto Sr. Pérez Sardiña alude ao excesivo custo de mantemento do circuíto de motocross, esta factura non ten que ver con outros gastos que se consideran necesarios, pero ademais quedan pendentes facturas do Penso que lle gustaría fosen incluídas e que os camiños se poidan arranxar adecuadamente

Considerando que se trata de prestación de servizos efectivamente realizados e que existe crédito suficiente no orzamento vixente para atender ditas prestacións, o Pleno da Corporación en votación ordinaria, con catro votos a favor dos membros do grupo Popular, un en contra do concelleiro de PDDdG, e cinco abstencións dos membros do grupo Socialista, concelleiro do concelleiro do BNG e concelleira de AEC, acorda:

1º. Ao abeiro do establecido no artigo 217 do Texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, resolver as discrepancias emitidas no informe de Intervención.

2º. Aprobar o recoñecemento extraxudicial de créditos 1/2019 por importe de 32.064,50 euros, correspondentes a gastos de exercicios anteriores, segundo a seguinte relación:

Partida	Acredor	Concepto/ nº factura	Importe
Facturas presentadas en 2018, de gastos de dito exercicio			
1500.22104	Sumyfer Cabanas SL	Vestuario obras e servizos/S18 843	638,12
1500.22110	Atilano Doce Feal	Produtos hixiénicos/04 0000252	130,32
1500.22110	Atilano Doce Feal	Produtos hixiénicos/04 0000243	130,32
1500.22199	Sumyfer Cabanas SL	Lámpada/S18 501	6,80
1611.22101	Viaqua SAU	Canon auga/02412018AN00005792	158,88
1611.22101	Viaqua SAU	Canon auga/02412018AN00007565	6,12
1611.22101	Viaqua SAU	Canon auga/02412018AN00005780	48,06
1611.22101	Viaqua SAU	Canon auga/02412018AN00005793	385,26
1611.22101	Viaqua SAU	Canon auga/02412018AN00005795	6,12
1611.22101	Viaqua SAU	Canon auga/02412018AN00005782	25,55
1611.22101	Viaqua SAU	Canon auga/02412018AN00005781	8,15
1611.22101	Viaqua SAU	Canon auga/02412018AN00005783	48,35
1611.22101	Viaqua SAU	Canon auga/02412018AN00005779	52,41
1611.22101	Viaqua SAU	Canon auga/02412018AN00005796	10,18
1611.22101	Viaqua SAU	Canon auga/02412018AN00005791	124,02
1611.22101	Viaqua SAU	Canon auga/02412018AN00005798	279,84
1611.22101	Viaqua SAU	Canon auga/02412018AN00005799	14,82
1611.22101	Viaqua SAU	Canon auga/02412018AN00005790	13,08
2310.22200	Vodafone España SAU	Telefonía/CI0913115791	40,90
2310.22200	Vodafone España SAU	Telefonía/CI0913465097	33,51
3300.22200	Vodafone España SAU	Telefonía/CI0913115791	41,98
3300.2200	Vodafone España SAU	Telefonía/CI0913465097	33,69
3381.22699	Soc.General Autores y Editor.	Dereito actuac. Humana/1180489876	20,07
3381.22699	Soc.General Autores y Editor.	Dereito actuac.Mago Ant/1180489878	197,11



CONCELLO DE CABANAS

9200.22002	Espublico servicios Admon SA	Mantemento servizo Gestiona/2018 12847	6.418,71
9200.22200	Vodafone España SAU	Telefonía/CI0913115791	1.560,18
9200.22200	Vodafone España SAU	Telefonía/CI0913465097	1.130,81
9200.62600	Wurth SL	Adquisición aplicación informática/S01 47	3.267,00
9201.22200	Vodafone España SAU	Telefonía/CI0913115791	18,09
920.122200	Vodafone España SAU	Telefonía/CI0913465097	14,65
9421.46300	Mancomunidade Concellos Ferrol	Achega refuxio animais 2018	4.342,40
9421.46300	Mancomunidade Concellos Ferrol	Tratamento voluminosos 8.18	769,08
9421.46300	Mancomunidade Concellos Ferrol	Tratamento voluminosos 9.18	721,65
9421.46300	Mancomunidade Concellos Ferrol	Tratamento voluminosos 10.18	731,81
9421.46300	Mancomunidade Concellos Ferrol	Tratamento voluminosos 11.18	411,64
Facturas presentadas en 2019 por gastos de exercicios anteriores.			
1700.21000	Atilano Doce Feal	Material limpeza/4 119	91,84
2415.22699	Ana Eibe Barcia	Material Obradoiro Eume Emprende III/116	391,80
2415.22699	Ana Eibe Barcia	Material Obradoiro Eume Emprende III/117	1.820,55
3231.21200	Hicopia SL	Control pragas colexio 20.4.18/19/1112	138,11
3231.21200	Hicopia SL	Control pragas colexio 21.9.18/19/1113	138,11
3231.21200	Hicopia SL	Control pragas colexio 14.12.18/19/1114	138,11
3341.22609	Immga Música SL	Actividades musicais decembro/B-15	2.218,75
3411.22609	Servicios Deportivos Galicia SL	Actividades deportivas decembro/S 562	3.078,24
3421.21200	Transportes Rico Cabañas SL	Acond. circuío motocross/Rect-Emit-60	674,58
9411.45000	Consortio Galego Igualdade e Benestar	Xantar na Casa 4º T 18	1.534,73
Total			32.064,50

A continuación a Presidencia levanta a sesión sendo as dezanove horas e corenta e cinco minutos da cal estendo a presente acta, e do que eu Secretario, dou fe.

Vtº e praxe.

O Alcalde

O Secretario